



EN GALIZA
HAI ALTERNATIVA

Dominga Brión

EN RIBEIRA
HAI FUTURO

Programa de Goberno
Municipais 2011



EN
HAI

RIBEIRA FUTURO

EN GALIZA HAI ALTERNATIVA

Programa Electoral 2011



INTRODUCCIÓN

Para o BNG de Ribeira a acción política debe servir como mecanismo para provocar os cambios que a cidadanía precisa para mellorar a súa calidade de vida. Esta afirmación, que pode semellar xenérica, cobra no ámbito municipal unha concreción maior que en calquera outro ámbito.

O BNG de Ribeira baseou a súa acción política nestes últimos anos, e continuará a facelo no futuro próximo, en dúas consideracións básicas referidas ao entorno social ao que se dirixe, o conxunto da sociedade do Concello de Ribeira. A saber:

- O entorno social, económico, natural, cultural, paisaxístico... no que se asenta o Concello de Ribeira conta con enormes potencialidades moitas delas cun grao moi baixo de desenrolo e polo tanto con grandes posibilidades de desenvolvemento sostible.
- A sociedade ribeirense, en xeral, e os diferentes axentes que a conforman, en particular, amosan capacidade e vontade de favorecer os cambios necesarios para avanzar no desenvolvemento das súas potencialidades.

O actual contexto de crise económica fai imprescindible que toda a acción política do Goberno Municipal xire arredor destas dúas premisas. Por iso o BNG de Ribeira presenta diante da sociedade ribeirense, este **“Programa de Goberno para o Concello de Ribeira 2011/2015”** que, tendo como fondo a transparencia e a participación cidadá, canalice as sinerxías de todos os axentes políticos, económicos e sociais que en Ribeira conflúen como único xeito de acadar o progreso e a calidade de vida.

Un Goberno Municipal debe estar, prioritariamente, ao servizo da cidadanía á que serve por mandato democrático. E debe estar moi por encima dos seus intereses partidarios. Máis aínda se estes prexudican ou están en franca contradición co interese xeral. Foi este o caso do goberno do PP nestes últimos anos: lonxe de servir de instrumento para o desenvolvemento e o avance económico e social de Ribeira, actuou como elemento afianzador de privilexios trasnoitados, como continuador de desigualdades intolerables en democracia e, en fin, como auténtico freo, cando debiera ser motor, para o progreso da cidade e das parroquias que compoñen o conxunto do Concello. A parálise que arrastran actualmente a industria, a pesca, o

comercio, a hostalaría e, en xeral, a maioría dos sectores económicos de Ribeira, son boa proba do fracaso do actual goberno municipal do Partido Popular.

O proxecto sectorial dun Macropolígono Industrial de máis de 1 Millón de metros, posto en marcha pola Xunta de Galicia, a proposta do BNG, demostrou que a esixencia, razoada e oportuna, e a defensa dos intereses de Ribeira pode carrexar éxitos beneficiosos para todos e todas. A paralización do proxecto de Macropolígono por parte do actual Goberno do PP na Xunta, coa complicidade do PP de Ribeira, só pode recibir o castigo dunha cidadanía que é quen paga, con máis paro e falla de oportunidades, a carencia dunha infraestrutura tan necesaria.

O Goberno Municipal do BNG terá na recuperación do respecto institucional e o diálogo social unha das súas prioridades. O progreso de Ribeira depende en grande medida de que sexamos capaces de acadar un alto grao de unidade arredor dos nosos grandes obxectivos estratéxicos poñendo estes por enriba dos intereses partidarios.

A cidadanía de Ribeira veu minguada nos últimos anos a súa calidade de vida, polo que demanda urxentes medidas que incidan na súa mellora: chan industrial para crear máis emprego e frear a lacra migratoria da nosa xuventude nos últimos anos, políticas que favorezan o acceso á vivenda da poboación local, melloras no transporte público e no tráfico rodado con aparcamentos gratuítos, máis e mellor atención ás persoas maiores e ás súas familias, verdadeiras programacións culturais e deportivas amplas, variadas e dirixidas á poboación de todas as idades e parroquias, participación da xuventude no deseño e execución das políticas nas áreas que lles afectan... velaí os temas que preocuparon ao BNG na oposición e, polo tanto, o que preocupará ao BNG no Goberno.

Este “Programa de Goberno para o Concello de Ribeira 20011/2015” que o BNG presenta para as eleccións do vindeiro 22 de Maio ten non só o amparo dos sólidos principios democráticos nos que se sustenta, senón tamén o aval de estar baseado nunha práctica política que xa ten demostrado os seus froitos. O BNG de Ribeira confía no conxunto da cidadanía ribeirense para que dea o pulo definitivo á Ribeira do século XXI.

Programa de Gobierno 2011

Candidatura

CANDIDATURA BNG ELECCIÓN MUNICIPAL 2011 EN RIBEIRA

1. M^a Dominga Brión Sanmiguel
2. Xosé Luís Groveiro González
3. Anxeles González Cruxeiras
4. Luís Teira Parada
5. M^a Carmen Lampón Agrelo
6. Francisco Ayaso Bretal
7. Ana Álvarez Becerra
8. Iago Iglesias Estepa
9. Silvia Varela Rodríguez
10. José Manuel Ayaso Sobrido
11. Teresa Prol Castro
12. Xosé Manoel Santos Díaz
13. Pilar Gómez Rodríguez
14. Marco Antonio Feixoo Álvarez
15. Encarna Lago Sampedro
16. Xavier Seco González
17. Uxía Acuña Abalde
18. Antón Parada Fernández
19. Dores Vidal Peón
20. Juan Manuel Pérez Romero
21. M^a Mercedes Blanco Vidal

SUPLENTES:

22. Luís Pérez Barral
23. Anxeles González Sabarís
24. José Ignacio González Cruxeiras
25. Ana Belén Sampedro Gómez
26. Xosé Ramón Pouso Pouso



EN RIBEIRA HÁ FUTURO



Programa de Gobierno 2011

Presentación



Ben queridas amigas e amigos:

O 22 de maio, co noso voto, temos a posibilidade de facer historia. Podemos optar pola continuidade ou rachar coa xa longa parálise na que esta sumido o noso concello. Cambiar a políticas centradas na creación de emprego e riqueza e na potenciación dos servizos públicos é a proposta do BNG.

Os 6 representantes que obtivemos nas pasadas eleccións municipais, permitiron multiplicar o traballo realizado: os problemas da cidadanía foron trasladados ao concello, con máis de 300 iniciativas escritas, moitas orais; mesmo ao Parlamento Galego, ao Congreso dos Deputados ou ao Parlamento Europeo. Os logros acadados con todas elas foron importantes. Fixemos xuntanzas informativas nas parroquias, cos distintos sectores e asociacións, en relación coa Lei de Augas, co Plan de Ordenación do Litoral, coas problemáticas de saneamento, e outros moitos temas. As xestións realizadas diante da Deputación e do Goberno Galego, na pasada lexislatura, traducíronse en importantes investimentos no concello: Polígono da Barbanza, fibra óptica en Ribeira, mellora das liñas eléctricas, mercado municipal de Palmeira ou o centro de día de Ribeira, por citar tan só algúns.

Agora queremos deseñar, entre todos e todas, un futuro mellor para o noso concello. A creación de emprego e riqueza e as políticas sociais serán o noso principal obxectivo: impulsaremos a construción do Polígono da Barbanza, apoiaremos ao sector do mar, ao turismo, á hostalaría e ao pequeno comercio. Tamén poñeremos en marcha a casa da xuventude, impulsando políticas activas de dinamización cultural, contando coa mocidade de todo o concello. A mellora dos centros escolares, e o impulso para dotar a Ribeira das infraestruturas que necesita, como a depuración integral, a nova lonxa, o mercado municipal, a circunvalación, estación de autobuses ou melloras do transporte público serán actuacións prioritarias para nós.

Aválanos o traballo feito. Contamos cun programa de goberno solvente, centrado na creación de emprego e na potenciación dos servizos públicos. Temos un equipo de mulleres e homes honestos, capacitados e comprometidos con Ribeira. Somos a alternativa de goberno que construírá, contigo, a Ribeira do futuro.

Co teu apoio, podemos. Unha aperta.

Dominga Brión

ÍNDICE

1.- Desenvolvemento local e creación de emprego	17
2.- Ordenación territorial, infraestruturas, urbanismo e vivenda ...	23
3.- Sanidade e consumo	27
4.- Benestar social	31
5.- Igualdade.....	38
6.- Medio ambiente e desenvolvemento sustentable	41
7.- Parroquias	46
8.- Educación	47
9.- Lingua e Cultura	50
10.- Deporte	56
11.- Mocidade	59
12.- Sociedade da Información e Novas Tecnoloxías	63
13.- Seguridade cidadá	65
14.- Concello solidario	66
15.- Democratización da xestión municipal e participación cidadá ...	67



EN GALIZA
HAI ALTERNATIVA

Dominga
Brión

EN RIBEIRA HAI FUTURO

**Programa de Goberno
Municipais 2011**



I. DESENVOLVEMENTO LOCAL E CREACIÓN DE EMPREGO

Será obxectivo prioritario do BNG o desenvolvemento local desde unha visión de país para lograr a creación de emprego, o benestar e o equilibrio territorial.

O desenvolvemento local require dunha análise local e comarcal que se traduza en planos de actuación que impliquen ás administracións e axentes sociais e que se dirixan ao sistema produtivo local, as súas potencialidades e á vocación económica do concello e comarca.

No BNG pensamos que a Pesca e Produtos do mar son un sector básico na economía local, polo que compre favorecer iniciativas que promovan o seu fortalecemento e modernización. Pero tamén somos conscientes de que a nosa economía é hoxe excesivamente dependente do mar polo que urxe desenvolver novos ámbitos económicos cun alto potencial de creación de riqueza: a nosa industria, o noso comercio, turismo, e ámbito rural están cargados de potencialidades que temos que aproveitar.

■ Criterios xerais

A política do Goberno do BNG no Concello estará baseada na:

1. Cooperación entre Administracións.
2. Participación dos axentes sociais.
3. Acción transversal das diferentes áreas municipais.
4. Aproveitamento dos recursos propios e das capacidades locais.

■ Medidas xerais para o fomento da actividade económica e do emprego

1. Reestruturación e potenciación da **Axencia de Desenvolvemento Local** como organismo básico para a busca e posta en marcha de novos sectores produtivos, creación de empresas, iniciativas comerciais e turísticas, etc.
2. Elaboración dun **Plano de Desenvolvemento Local** baseado na análise previa da situación socioeconómica da localidade, as súas potencialidades de desenvolvemento e a determinación dos sectores estratéxicos locais.
3. **Medidas xerais** de apoio ao desenvolvemento económico e á creación de emprego:
 - a) Asesoramento e información a través de técnicos/as locais de emprego.
 - b) Cooperativismo, economía social...: fomento de cooperativas e empresas de economía social mediante apoio técnico á súa constitución e subvencións ao inicio da actividade.

- c) Sementeiras de empresas, locais axeitados,...: creación de sementeiras de empresas, mediante a oferta municipal de locais debidamente equipados, e de fácil acceso por parte dos/as emprendedores/as.
- d) Difusión das innovacións e das novas tecnoloxías entre o tecido empresarial e comercial.
- e) Fomento do asociacionismo empresarial e comercial.
- f) Accións en materia de formación: cursos de formación ocupacional, escolas-taller, obradoiros de emprego...
- g) Aproveitamento dos planos europeos para políticas de desenvolvemento económico e emprego no rural.
- h) Apoio ás iniciativas locais de emprego.

■ Ámbitos sectoriais de actuación

Pesca

O BNG é consciente de que o mar constitúe a base na que se sustentan os principais sectores produtivos dos que depende, directa ou indirectamente, a actividade económica de Ribeira. Por iso propoñemos as seguintes medidas de actuación, co fin de potencialo:

- Compromiso de creación dunha **Concellería de Pesca** que atenda os problemas da xente do mar.
- Constitución do **Consello Municipal do Mar** no que estean presentes todos os sectores que desenvolven as súas actividades dependendo do medio mariño (mariñeiros, armadores, compradores, administración local...).
- Demandar a elaboración dun **Plan de Usos para o Peirao de Ribeira** consensuado cos sectores afectados.
- Xestionar a creación dunha nova lonxa para o porto de Ribeira. Acondicionar, entre tanto, a actual para darlles un servizo digno ás/aos profesionais que alí desempeñan o seu labor.
- Reorganizar e aumentar o número de pantaláns para a flota artesanal e adecuar espazos para as embarcacións tradicionais.
- Acondicionamento de todos os portos do Concello para dotalos dunhas instalacións e servizos dignos. Adecentamento das superficies portuarias e aumento das medidas de seguridade (colocación de aros salvavidas, etc.).
- Dotar de vixilancia ó recinto portuario de Ribeira.

- Potenciación, en colaboración coas confrarías, da pesca artesanal e dos cultivos mariños.
- Recuperación das zonas non produtivas desde Palmeira até Corrubedo para o marisqueo.
- Fomento de cooperativas de produtores creando redes de comercialización para optimizar os recursos.
- Creación do Consello Regulador de Prezos.
- Xestionar un selo de calidade ou denominacións de orixe para os produtos da nosa ría.
- Impartir no Concello Ciclos Formativos que atendan adecuadamente o sector produtivo do mar para mellorar o rendemento e favorecer a creación de riqueza e emprego.
- Mellorar a formación dos mariñeiros facilitándolles o acceso a cursos, conferencias, xornadas informativas, etc.
- Eliminación dos vertidos directos ao mar acometendo coa maior urxencia as reformas estruturais (depuración, rede de sumidoiros...) e normativas (normativa de vertidos) precisas.

Industria

Poñeremos en marcha liñas políticas de actuación directa na creación e fomento do tecido produtivo local, ou indirecta, orientadas a resolver problemas estruturais como a mellora das comunicacións, a dotación de chan industrial e mesmo impulsando a difusión da cultura empresarial.

- Cooperación coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas na posta en marcha do Parque Empresarial da Barbanza dotándoo de todos os servizos.
- Sementeira de empresas. O Proxecto de Parque Empresarial da Barbanza contempla a dotación, por parte da Consellería, de naves modulares en réxime de alugueiro, de baixa renda, por un tempo determinado, ate que se consolide a iniciativa, podendo exercer nese caso a opción de compra.
- Modernización e dotación de servizos no Polígono Industrial de Xaras.
- Promover e xestionar o traslado ao novo Parque Empresarial das industrias situadas en núcleos urbanos especialmente as que realicen actividades molestas.

Turismo

O BNG, consciente que o turismo é unha das principais fontes de recursos e de emprego do noso concello, porá en valor as potencialidades e os recursos turísticos que temos desde unha óptica integradora e transversal (paisaxe, medio ambiente, identidade cultural,...), apostando pola dinamización turística e polo aproveitamento racional, cultural e ecolóxico do noso concello.

Adoptará as seguintes medidas:

- Darlle pulo á un Plan de **dinamización Turística** local para incrementar a xeración de ingresos, colaborando con empresas e entidades.
- Fortalecemento da Oficina Municipal de Información Turística integrándoa nunha rede galega de oficinas.
- Posta en valor do Parque Natural e do Parque Nacional das Illas Atlánticas.
- Impulso a unha cultura de servizos e turismo de calidade que se concrete en ofertas atractivas.
- Colaborarase na elaboración e comercialización especializada dos produtos turísticos temáticos.
- Promoción de programas festivos, recuperación e promoción de festas e tradicións populares.
- Posta en valor de contornos que incentiven a actividade turística: patrimonio ecoxeográfico, etnográfico, arqueolóxico e histórico-artístico, a adecuación de infraestruturas e servizos...
- Catalogación e valoración dos recursos turísticos, adecuación de espazos, e sinalización de itinerarios.
- Fomento do turismo náutico con especial atención ás embarcacións tradicionais.
- Aproveitamento do patrimonio arquitectónico en desuso.
- Roteiros de paseo e de carril-bici.
- Colaboración con entidades do sector turístico (hostalería, restaurantes, bares, etc.) para fomentar a organización de actividades atractivas aos visitantes.
- Potenciación do turismo activo: saídas en barcos pesqueiros, visitas guiadas polo concello...
- Promoción dos roteiros culturais e naturais de interese no noso concello: Pedra das Cabras, Dolmen de Axeitos, Parque Natural, Parque das Illas Atlánticas, ...

- Acondicionamento e mellora das nosas praias dotándoas dos servizos acaídos.
- Potenciación do turismo rural e do agroturismo.
- Demandaremos a implantación de novos ciclos formativos da familia profesional de Turismo.

Comercio

O BNG levará a cabo unha política que fortaleza, impulse e modernice o comercio tradicional ou de proximidade do noso concello, polo seu peso económico e a función social que implica.

O BNG impulsará, no marco competencial municipal, a ordenación e desenvolvemento do comercio, de acordo coas seguintes liñas de actuación:

- A mellora dos contornos comerciais a través da rehabilitación e humanización dos centros urbanos, especialmente os cascos antigos, mellorando a accesibilidade (peonalizacións, aparcamentos soterrados,...) e incentivando a rehabilitación dos baixos para uso comercial.
- O impulso de medidas efectivas para a reactivación do comercio local e familiar. Potenciarase a **Área Comercial Aberta** impulsando tamén a formación de grupos de compra.
- A dotación para Ribeira dun novo **Mercado Municipal** que conte con instalacións modernas e funcionais e que reflecta os sectores produtivos da zona dun xeito especial.
- O fomento do asociacionismo comercial.
- A realización de programas formativos para o comercio de proximidade que impliquen melloras na calidade, xestión e administración.
- O artellamento de fórmulas de integración de produtos locais e artesanais nos establecementos comerciais dos concellos.
- Organización de feiras para a promoción comercial.
- Rehabilitación de zonas que impulsen o comercio.

Hostalaría

- Promoveremos as medidas necesarias para o desenvolvemento completo do sector, compatibilizando as súa actividade co dereito ao descanso da cidadanía.

- Rehabilitación de zonas que impulsen a hostalaría.
- Demandaremos a implantación en Ribeira de novos ciclos formativos da familia profesional de Hostalaría.

Desenvolvemento Rural

O BNG desde o concello aplicará as seguintes medidas en coordinación coas políticas nacionais de desenvolvemento rural:

- Dotación de infraestruturas, servizos e equipamentos básicos que incentiven e faciliten as actividades económicas no medio rural. Procurarase a elaboración dun plano municipal de infraestruturas rurais dirixidas a incentivar a actividade produtiva no rural.
- Impulso as iniciativas mixtas ou privadas que axuden a redimensionar a nosa superficie forestal, logrando unidades forestais dimensionadas que permitan rendibilizar o noso monte.
- Apoio a proxectos impulsados polas Comunidades de montes veciñais en mancomún (CMVMC).
- Planos europeos: reformulación do funcionamento dos Grupos de Acción Local para que se convertan en axentes de dinamización socioeconómica con capacidade para asesorar os promotores e impulsar o xurdimento de novos proxectos. Dar prioridade aos proxectos que xeran novas actividades económicas e crean emprego, nomeadamente aqueles relacionados coas producións agroforestais.
- Apoio ao turismo rural, no marco das políticas municipais en materia de turismo.
- Fomento de cooperativas do agro, de empresas innovadoras no sector agro-forestal, agricultura ecolóxica, denominacións de orixe, etc..
- Impulso á creación de empresas relacionadas coa agricultura ecolóxica e produtos tradicionais.
- Darlle pulo á denominación de Orixe Parque Natural.
- Facilitar a implantación de instalacións e construcións dedicadas a fins produtivos no medio rural, sobre todo agrícolas e gandeiros, e axilizar a tramitación das autorizacións destas.

2. ORDENACIÓN TERRITORIAL: INFRAESTRUCTURAS, URBANISMO E VIVENDA

O BNG, desde o concello, desenvolverá unha política de ordenación territorial sustentábel que garanta o equilibrio territorial, o desenvolvemento urbanístico racional e a protección do ambiente e a paisaxe. Tamén promoverá actuacións que favorezan o acceso á vivenda da poboación local.

Infraestructuras e transporte

BNG defenderá, desde o concello, o Plano acordado no Parlamento de Galiza de novas infraestruturas ferroviarias e a modernización axeitada das existentes. Solicitarase o necesario reforzo das infraestruturas xerais do país, tanto as ferroviarias como as de estradas, e, en particular, as do corredor marítimo atlántico Porto-Vigo-A Coruña-Ferrol e as do eixo cántabro entre Ferrol e Asturias, así como as conexións intermodais entre os portos, aeroportos, plataformas loxísticas e parques industriais destas infraestruturas.

Así mesmo xestionará diante das administracións competentes a mellora das infraestruturas básicas en comunicacións, recuperando o retardo que neste sentido padece o Concello e pulando porque as melloras afecten tanto ós principais núcleos de poboación do Concello como aos puntos de maior interese produtivo e social.

■ O BNG porá especial énfase nos seguintes puntos:

- Demandar a construción dunha **circunvalación** para Ribeira con acceso ao porto.
- Xestionar, diante do Estado e da Xunta de Galiza, a realización dun **estudo de viabilidade** para dotar á comarca ata Ribeira dunha **liña de tren**.
- Promoverase a **regulación do tráfico**, con métodos modernos e eficaces, nas travesías dos principais núcleos do concello.
- Dotar a Ribeira dunha **estación de autobuses** digna con todos os servizos necesarios.
- Elaborar e desenvolver un **Plan de Mellora do Transporte Público** que ligue, dun xeito áxil, o núcleo urbano de Ribeira coa comarca e as parroquias.
- Sinalizar as paradas do transporte público con indicadores de rota e frecuencia.
- **Acondicionar accesos** directos, desde Ribeira, ao **Parque Periurbano** de San Roque.

Urbanismo

O BNG desde o concello de Ribeira será garantía dunha política urbanística concibida como un instrumento ao servizo do interese xeral e público e sometido na súa aplicación aos seguintes **principios**:

- a) Prevalencia do interese público sobre o interese particular e privado.
- b) Coherencia coas directrices nacionais de ordenación do territorio.
- c) Transparencia e participación.
- d) Sustentabilidade.
- e) Racionalidade.
- f) Equilibrio territorial.
- g) Equidade, con reparto equilibrado de cargas e beneficios.

O modelo urbanístico que o BNG aplicará no concello terá como **obxectivos**:

- a) A ordenación do territorio municipal.
- b) A planificación das infraestruturas básicas.
- c) A consecución de solo dotacional para equipamentos públicos.
- d) A consecución de espazos libres de uso público.
- e) A habilitación de solo para vivenda protexida e para usos industriais.
- f) A protección e recuperación dos valores ambientais e culturais.

Medidas de actuación:

- O Goberno do BNG revisará o **Plan Xeral de Ordenación Municipal** para adaptalo á Lei do Solo tratando de minimizar na medida do posible os efectos do Plan de Ordenación do Litoral (POL) para evitar prexuízos á cidadanía.
- Creación e posta en marcha, en colaboración coa Xunta de Galiza, dun **plan de mellora urbanística**, tanto do centro urbano de Ribeira como das vilas e aldeas do Concello para dotar aos veciños e veciñas dunhas condicións de vida máis acordes cos tempos en que vivimos: asfaltados periódicos, beirarrúas en condicións, aparcadoiros, parques infantís, parques bio-saudables para os maiores, zonas verdes, etc.
- Potenciaremos ó departamento de Urbanismo para axilizar os trámites administrativos e velar polo cumprimento da normativa vixente.
- Promoveremos o acordo entre as administracións para unha solución definitiva á área de servidume de costas dos Areiros e Palmeira Norte favorábel ós veciños

e veciñas, poñendo en valor tanto a tradicional existencia dos núcleos afectados como a necesidade de garantir unhas posibilidades de medre dos núcleos respectuoso coa necesaria protección do litoral.

- Plan de Peonalización das rúas consensuado cos sectores afectados.
- Habilitar **zonas de aparcamento** públicas a baixo prezo e gratuítas.
- Novas instalacións de Parques infantís homologados en lugares acaidos. Plan de mellora dos existentes.
- Elaboración dunha Ordenanza Municipal de Accesibilidade e control do cumprimento da normativa vixente na materia.
- Eliminación TOTAL das barreiras arquitectónicas nas áreas e edificios públicos e promoción das mesmas medidas nos privados.
- Renovación da sinalización de vías e rúas para que en ningún caso dificulte a circulación de peóns ou vehículos.
- Solicitar a Portos a cesión da fachada marítima (Malecón).

Vivenda

O BNG aplicará no Concello de Ribeira unha política que concibe a vivenda como unha necesidade social básica. Desde o goberno do BNG promoveranse actuacións que favorezan o acceso á vivenda da poboación local. Desenvolveranse as seguintes medidas:

- Elaboraremos un **estudo das necesidades de vivenda protexida** en Ribeira, contrastando os datos do Rexistro de Demandantes de Vivenda Protexida. No caso de que a iniciativa privada non cubra ditas necesidades, o Concello fará xestións para a dotación de máis vivendas de protección. **Reservaremos ata o 40% do solo edificable para vivenda protexida.**
- Rehabilitaremos vivendas para poñelas no mercado en réxime de aluguer.
- Promoveremos, en colaboración coa Xunta, Áreas de Rehabilitación Integral.
- Fomentaremos a protección e rehabilitación de edificios e vivendas de interese cultural, poñendo especial fincapé na recuperación de núcleos urbanos con tipoloxía tradicional.
- O Concello facilitará información e asesoramento á cidadanía e empresariado sobre as diferentes liñas de axudas doutras administracións sobre rehabilitación, mellora, reconstrución, compra ou aluguer de vivenda.

- Velaremos polo escrupuloso cumprimento da normativa local no que se refire á limpeza de fachadas de edificios e baixos comerciais.
- O BNG dentro do Concello fomentará a través de subvencións, a rehabilitación de vivendas unifamiliares en estado de abandono.
- O Concello vixiará e tramitará de oficio o incumprimento das licenzas urbanísticas concedidas.

3. SANIDADE E CONSUMO

O BNG considera a saúde como unha prioridade social. Debe reflectirse en todas e cada unha das actividades que se promovan desde o Concello. A política do concello no eido sanitario debe atender tanto á saúde física e psicolóxica persoal como a un medio ambiente saudable e, polo tanto, redundar nunha mellor calidade de vida. Unha axeitada planificación e mantemento dos servizos municipais relacionados coa calidade ambiental (rede de sumidoiros, depuración de augas residuais, recollida e reciclaxe de lixo...) serán tidos moi en conta.

Actuacións básicas

Creación do **Consello Municipal de Saúde**, para estimular a participación da comunidade no deseño e posta en práctica de planos de promoción da saúde e de prevención de enfermidades, e nomeadamente do plano integrado de saúde ambiental.

Mellora na atención sanitaria

O BNG reivindicará perante os poderes públicos (SERGAS fundamentalmente) a mellora da calidade da atención sanitaria:

Centros de saúde:

- Poñeremos a dispor da Consellería de Sanidade un terreo para a construción dun novo centro de saúde.
- Promover as melloras necesarias nos Centros de Saúde do Concello, dotados de equipas de atención Primaria e especialidades máis comúns.
- Posta en marcha do Plano Integral de Atención ás Mulleres.

Hospital da Barbanza:

Farase un seguimento e control do funcionamento deste Hospital, coa finalidade de garantir unha completa dotación, que responda ás demandas da poboación. Pularemos dende o Goberno Municipal polas seguintes actuacións:

- Impulsaremos a súa ampliación.
- Aumentar o número de camas para hospitalización.
- Dotación de Unidade de Coidados Intensivos e Reanimación.
- Diminución de listas de espera. Solicitaremos á Consellaría de Sanidade a equidade e a celeridade no acceso da cidadanía ás consultas, probas diagnósticas, intervencións

cirúrxicas e tratamento. Tamén demandaremos un incremento do persoal facendo fincapé na presenza física de especialistas de garda en urxencias.

- Incremento do número de unidades de transporte sanitario para dotar dun servizo efectivo e rápido á cidadanía do Concello. Mellorar o cumprimento de horarios na recollida e traslado de enfermos programados.
- Ampliar o actual servizo de diálise.

Condutas aditivas

Desde o concello, as actuacións en materia de adiccións responderán ás seguintes estratexias básicas:

Asistencia:

- Axilizar a apertura do Centro de Saúde Mental e da Unidade de Atención á Drogodependencia.
- Entretanto mellorar a dotación na actual Unidade de Atención a Drogodependentes.

Prevenición:

- Favorecer e facilitar as actividades de ocio saudábel, mellorando a calidade destas nos horarios de descanso e lecer, desde unha perspectiva comunitaria.
- Desenvolvemento de programas informativos tanto a nivel educativo como a través dos medios de comunicación.
- Campañas de prevención contra todo tipo de drogodependencias, incluíndo o tabaco e o alcol.

Recuperación e rehabilitación:

- Realizar campañas de información e sensibilización social, con participación do movemento asociativo, encamiñadas a mellorar a percepción social das persoas con problemas de adición e manter a solidariedade da sociedade fronte aos problemas causados pola adición.
- Diseñar programas de adestramento e inserción laboral, en colaboración coa Xunta de Galiza, para incorporar aos drogodependentes a unha vida persoal e socialmente normalizada.
- Facilitar o acceso aos tratamentos nas unidades asistenciais, por medio de axudas ao transporte cando as unidades radiquen noutra localidade.

- Potenciaremos a Unidade de Día, a realización de obradoiros coa dotación do persoal e material necesario.

Planificación sanitaria municipal:

Elaboración do **Plano Integrado de Saúde Ambiental**, en coordinación co Consello Municipal de Saúde, coa Concellaría de Medio ambiente e a Axenda 21 Local, que deberá abranger as máximas actuación posibles en materia de:

- Abastecemento de auga potábel.
- Recollida e tratamento de lixo.
- Saneamento e depuración das augas.
- Redución da contaminación atmosférica, acústica e lumínica.
- Normativa acerca das instalacións de telefonía, celular e a hipotética incidencia das súas radiacións.
- Mellora infraestructural e de medios, e control hixiénico-sanitario dos mercados públicos.
- Control das condicións hixienico-sanitarias dos establecementos que manipulan alimentos. Neste eido, deberase colaborar cos Servizos Oficiais de Saúde para posíbeis inspeccións.
- Actividades molestas, nocivas, insalubres e perigosas.

Consumo

Neste ámbito promoveremos iniciativas políticas de colaboración na defensa e protección dos lexítimos intereses dos/as consumidores/as, de fomento do seu tecido asociativo e de colaboración coa administración autonómica. Son as que se expoñen a continuación:

Asociacionismo e medios municipais

- Fomentar o movemento asociativo dos/as consumidores/as no ámbito local.
- Potenciar a Oficina Municipal de Información ao/á Consumidor/a (OMIC), incrementando os servizos de orientación.

Programas e campañas

- Elaborar programas de formación no eido do consumo utilizando os recursos educativos dispoñíbeis para formar aos/ás consumidores/as e informalos/as dos seus dereitos.

- Fomento de campañas na defensa do consumo responsábel e na promoción do comercio xusto.

Medidas de cooperación

- Coa administración galega: reforzar a colaboración no control do mercado para erradicar comportamentos lesivos.
- Coas asociacións de consumidores/as e usuarios/as e coas asociacións de empresarios/as, co fin de difundir a elaboración de códigos de comportamentos acados a un bo consumo e fomentando a adhesión ao Sistema Arbitral de Consumo.

4. BENESTAR SOCIAL

Unha política de atención social pública, universal e de calidade é un pilar fundamental do proxecto do BNG para o Concello de Ribeira. Impulsar políticas avanzadas que recuperen o atraso que padece o noso Concello neste ámbito será para nós unha prioridade.

As persoas maiores, os/as menores, as persoas con diversidade funcional e as persoas en risco de exclusión social merecen unha atención preferente nunha sociedade que se pretende chamar “do benestar”.

Ribeira precisa avanzar na creación dunha auténtica rede de servizos públicos que atendan a esta poboación e ese será precisamente un dos nosos principais obxectivos a cumprir dende o goberno.

Criterios básicos para a política de benestar social

Os criterios básicos xerais que definen o noso modelo de actuación en materia de benestar e servizos sociais son:

- a) Colaboración co Goberno galego.
- b) Políticas de benestar abertas á participación cidadá.
- c) Políticas integrais para a articulación comunitaria.
- d) Intervencións preventivas.
- e) Descentralización das accións: ámbito urbano e ámbitos rurais.
- e) Igualdade de oportunidades.
- f) Normalización e inserción social, económica e cultural.

Estructuración dos servizos sociais municipais

a) Creación da Concellería de Benestar Social

b) Departamento de Benestar social

Farase unha planificación na que se estruturen obxectivos, actuacións e financiamento. Disporá das seguintes áreas de actuación:

- Planificación, programación e captación de recursos.
- Calidade e avaliación.
- Documentación e formación.
- Prestacións básicas.

- Programas integrados e servizos específicos.
- Participación comunitaria e cooperación social.

c) Equipos e equipamentos dos Servizos Sociais

Os equipos serán as **Unidades de Intervención Social** (UIS).

En relación aos equipamentos, os actuais centros sociais deberán reconverterse en **centros sociocomunitarios**, é dicir, centros de carácter interxeracional, de referencia para a cidadanía, onde se desenvolvan as seguintes actuacións:

- Área de **Información** sobre servizos e recursos sociais.
- Área de **avellentamento saudábel**: información sobre nutrición, uso de medicamentos, etc.
- Área de convivencia, **Escola de convivencia**: organización do fogar, educación dos fillos, hixiene, nutrición, axuda nos deberes escolares...
- Unidade de prevención de dependencia, **atención aos fráxiles**: estimulación cognitiva, podoloxía, xantar na casa e transporte adaptado.
- Servizo de **acompañamento social**: bancos de tempo, acompañamento as fins de semana para persoas maiores que vivan soas, saídas domiciliarias, solidariedade.

As actuacións sociais básicas

Reforzaranse as seguintes actuacións e servizos de prestación obrigatoria, de acordo coa Lei de Servizos Sociais de Galiza:

a) Servizo de Información e Orientación e Asesoramento

Información e asesoramento directo e personalizado á cidadanía sobre os dereitos e recursos sociais dispoñíbeis. Tamén canalizará as peticións cidadás cara aos servizos municipais de atención social específica. Pularase pola descentralización e achegamento aos cidadáns e ás cidadás contando coas entidades veciñais existentes.

b) Servizo de Axuda no Fogar

Terán prioridade os seguintes obxectivos e actuacións:

- Cobertura absoluta a aquelas persoas que, valoradas como grandes dependentes, teñan entre as súas prestacións a axuda no fogar.
- Máxima extensión do servizo, asegurando o maior grao posíbel de cobertura a persoas susceptibles de melloraren a súa calidade de vida a través do desenvolvemento de prestacións domiciliarias.

- Estructuración do servizo tamén para a atención e dotación doutras necesidades de relación coa comunidade: acompañamento a xestións, habilidades sociais, etc. O servizo de axuda no fogar é un servizo para a autonomía persoal.
- Programa de asistentes persoais. Fomentárase a organización de usuarios e usuarias de asistencia persoal para a dispoñibilidade destes profesionais.
- Servizo de teleasistencia domiciliaria e a localización fóra do domicilio.
- Servizo de atención á infancia: tentarase impulsar servizos de canguros e de recollida e acompañamento a actividades.

c) Servizo de Inserción, Convivencia Social e Aloxamento

Dará resposta aos problemas concretos de marxinación e exclusión social, aplicando tanto proxectos de traballo social, personalizado ou de grupo, como prestacións económicas propias de emerxencia, para persoas en situación de desvantaxe social:

- Diseñárase un **Plano Local de Inclusión Social**, onde se identifiquen os principais colectivos vulnerábeis da zona e se articulen políticas integradoras e transversais.
- Crearanse a **comisión local de loita contra a pobreza e a exclusión** na que participarán todas as concellerías do concello.
- Colaborárase de maneira decidida cos equipos de inclusión social da Xunta de Galiza para facilitarlles ás **persoas perceptoras de RISGA** e outros colectivos en exclusión o desenvolvemento de proxectos individualizados de inserción útiles, que lles axuden a acadar: formación básica, formación para o emprego, habilidades e competencias persoais e empregos dignos para melloraren a súa calidade de vida.
- Artellaranse fórmulas de establecemento de **cláusulas sociais** para favorecer a contratación de servizos municipais que integren a persoas en procesos de inclusión social.

Programas sectoriais específicos

O BNG dende o concello promoverá programas específicos:

a) Atención á dependencia

A Lei Galega de Servizos Sociais e a Lei de Dependencia crean un marco xurídico positivo e medidas que o concello deberá impulsar, desenvolver e explotar, en colaboración coa administración autonómica.

A atención á dependencia diríxese a persoas que non se poden valer por si propias: persoas maiores ou con discapacidade, así como infancia 0-36 meses, e concrétese na prestación de servizos, como a axuda a domicilio, centros de día e de noite, teleasistencia, axudas técnicas e prazas residenciais, ademais de prestacións económicas.

Entre as **medidas concretas** para desenvolver destacan:

I.- Accións para toda a poboación dependente

- Impulsaranse servizos de información sobre a aplicación da lei de autonomía persoal e atención a persoas en situación de dependencia.
 - Acceso aos equipos de valoración.
 - Documentación que hai que achegar.
 - Desenvolvemento do **programa individualizado de atención (PIA)**.
- Implantación da **rede de coidados** para a autonomía persoal. A través do uso das novas tecnoloxías todos os concellos estarán conectados coa Xunta de Galiza para dispor de servizos de: consultas on-line para persoas con dependencia, formación de coidadores, bolsa de emprego para profesionais dos servizos de proximidade, farmacia a domicilio, préstamo de axudas técnicas, etc.
- Mellora dos Servizos de transporte adaptado para persoas maiores con dificultades de mobilidade e persoas con discapacidade.
- Achegar os servizos á cidadanía máis illada creando programas dirixidos ao medio rural: posibilidades de emprego á veciñanza para traballar coas persoas dependentes, transporte, comedor social ou xantar na casa, lavandaría, mantemento da horta...

2.- Actuacións destinadas a persoas maiores

- Elaborarase un **plano municipal** para identificar as necesidades de servizos e elaborar programas que resolvan as demandas do colectivo.
- Impulsarase, en colaboración coa administración autonómica, o incremento de prazas mediante a creación dun novo Centro de día, así como a axuda no fogar e as prestacións de apoio ás familias coidadoras.
- **Promoción da Tarxeta +**. Descontos para as persoas de máis de 65 anos no transporte público, exposicións, cine, bibliotecas, actos deportivos...
- Programas de **turismo termal** e de coñecemento do país.
- Programas destinados á autoorganización do colectivo. Creación do consello de maiores, **A voz dos maiores** nos concellos.

- **Foro local de relacións interxeracionais:** potenciaranse actividades que faciliten as relacións interxeracionais e impulsaranse planos de actividades, nos centros sociais e nos de ensino, de recollida da memoria viva a través da historia oral dos traballos, festas, oficios, acontecementos políticos, culturais, etc., protagonizada por persoas maiores.
- Fomentaranse prácticas culturais, artísticas e deportivas entre este colectivo. Recuperación dos **bailes e festas tradicionais**.
- Promoverase a implantación de **vivendas comunitarias públicas en réxime de aluguer** para este colectivo.
- Desenvolveranse coas asociacións empresariais programas de **titorías sénior** ao empresariado novo e programas de preparación para a xubilación.

3.- Actuacións destinadas a Persoas con Discapacidade:

- Elaborarase un **plano municipal** para identificar as necesidades da poboación discapacitada.
- Promover espazos para que desenvolvan o seu traballo **entidades asociativas** que atendan ás chamadas novas discapacidades, sendo estas enfermidades crónicas invalidantes.
- Implantación do **plan de inclusión** para persoas con discapacidade. Incorporación laboral de persoas con discapacidade física, psíquica e sensorial, en colaboración coa Xunta de Galiza. Artellaranse fórmulas de establecemento de **cláusulas sociais** para favorecer a contratación de servizos municipais que integren a estas persoas.
- Integración de **nenos e nenas con discapacidade** en todas as actividades para infancia: campamentos urbanos, ludotecas, etc.
- Promoverase a **integración social** das persoas con discapacidade, favorecendo, en colaboración coa administración autonómica, o aproveitamento dos recursos asistenciais, o acceso á información, o movemento asociativo e o apoio interfamiliar.
- Impulsarase o cumprimento da **lei galega de accesibilidade** universal e supresión de barreiras arquitectónicas en todo o concello. Para acadar espazos libres de barreiras crearase a comisión municipal de accesibilidade: na que participen urbanismo, servizos sociais, transporte e obras. Recoñecemento público do concello a aqueles comercios, asociacións, empresas, etc. accesíbeis. **Premio á accesibilidade**.
- Campañas de sensibilización social sobre a eliminación de **barreiras psicolóxicas e de comunicación** coas persoas con discapacidade.

- Cumprírase taxativamente a **porcentaxe de reserva legal** para seren cubertas por persoas con discapacidade nas ofertas de emprego público do Concello.
- Terase en conta nas **empresas** que concorran a equipamentos e servizos de financiamento público a presenza nas súas nóminas dunha porcentaxe de persoas discapacitadas.
- Promoverase a creación de vivendas tuteladas e vivendas de respiro familiar.

b) Minorías étnicas

- Implantación do **plano de convivencia e integración coa comunidade xitana**, en colaboración coa Xunta, para:
- Impulsar a integración real, e tamén cultural e lingüística, destes colectivos respectando as características e peculiaridades destes.
- Actuacións de sensibilización social para a aceptación da comunidade xitana e mellorar a súa **imaxe social**.
- Actuacións directas coa comunidade xitana para evitar a saída das nenas da escola antes de remataren a formación básica, estimular hábitos de saúde, vacinas, participación en actividades deportivas e extraescolares.
- Ofrecer alternativas integradoras de aloxamento aos xitanos que desexen abandonar o chabolismo.

c) Migracións

- Posta en funcionamento da **oficina municipal de migracións** que proporcione información e facilite a inmigrantes e emigrantes retornados a xestión de trámites, etc., e promova iniciativas, en colaboración coa administración autonómica, dirixidas ao colectivo para a súa inserción social, laboral e cultural.
- Promoveranse **campañas informativas** entre as comunidades galegas da emigración para dar a coñecer os programas de axuda para o retorno.
- Programa de avais para o aluguer de vivenda. **Fondo de fianzas**.
- Propiciárase a realización de estudos locais sobre a emigración.
- Programa de **vivenda compartida**.
- Crearase o **consello local de migracións** onde terán lugar todos os colectivos relacionados co tema: asociacións de determinados países, seccións sindicais de migracións, etc.
- A nivel escolar, programas de **tolerancia e coñecemento intercultural**: semana da gastronomía, xogos, vestidos, etc.

d) Infancia

- Traballarase na **prevención de maltrato** e detección de situacións de risco para menores. Implantación en colaboración coa Xunta do rexistro unificado de maltrato infantil (RUMI).
- **Ludotecas e espazos de xogo** as fins de semana en colaboración coas asociacións de veciños.
- Campañas de sensibilización en materia de **saúde infantil**: prevención da obesidade infantil, saúde bucodental.
- Pularase por dotar ao concello dunha nova escola infantil como servizo público de atención á infancia de idades comprendidas entre os 3 meses e os 3 anos que permite a conciliación da vida laboral e persoal. En vista das necesidades, xestionarase a implantación de pequenas escolas infantís nas parroquias. Esta será unha aposta estratéxica do goberno do BNG.
- Diseñaranse programas de **sensibilización social** ante todas as situacións de indefensión da infancia: mendicidade, malos tratos, abusos sexuais e de toda índole.

5. IGUALDADE

A plena realización do principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres é un obxectivo estratéxico do goberno municipal do BNG, que terá a súa tradución no desenvolvemento de políticas transversais no conxunto do goberno local e na cooperación coa Xunta de Galiza.

Actuacións estruturais

- **Concellaría da Igualdade:** o BNG na súa acción de goberno no concello creará unha Concellaría da Igualdade que será a encargada de planificar e coordinar as políticas municipais en materia de xénero.
- **Plan de Igualdade:** poñerase en marcha o Plan de Igualdade.
- **Asociacionismo de mulleres:** impulsarase e dinamizarase desde o concello a rede de asociacións de mulleres, promovendo a creación de novas asociacións e de áreas específicas de muller ou igualdade nos colectivos sociais.
- **Información:** O concello colaborará coa Xunta no establecemento dunha rede galega de información e atención ás mulleres.
- **Plano de corresponsabilidade:** desde o concello promoverase a elaboración dun plano de corresponsabilidade para o municipio que comprometa a administración e as empresas. Para elaboralo poderanse crear *grupos municipais ou comarcais de conciliación* formados por administración, tecido asociativo e empresarial que estuden as necesidades do territorio no ámbito da conciliación e establezan as prioridades de infraestruturas, servizos e programas do plano. Incorporaremos iniciativas novidosas sobre cambios no uso do tempo por mulleres e homes, como os “*ecobancos do transporte*” e potenciaremos o “*banco do tempo*”.
- **Compromiso orzamentario:** o BNG, no seu compromiso por acadar unha igualdade plena, comprométese a elaborar de xeito progresivo orzamentos sensíbeis ao xénero, medindo, sempre que sexa posíbel, o impacto da política municipal na perspectiva de xénero, mediante a desagregación dos datos por sexo.
- **Violencia de xénero:** o concello traballara activamente na prevención e no tratamento da violencia de xénero. Para este fin porá en marcha conxuntamente co goberno galego medidas de concienciación social e de formación para profesionais dos servizos sociais, sanitarios e corpos e forzas de seguranza. Tamén en colaboración coa Xunta, artellaranse todos os mecanismos necesarios para

unha atención integral –psicolóxica, xurídica, económica e laboral– de todas aquelas mulleres que sufran violencia de xénero. Estabeleceranse protocolos de atención dos diversos servizos municipais relacionados coas mulleres que sofren violencia de xénero (sanitarios, educativos, policiais, informativos...) para garantir unha acción rápida e segura para as mulleres e que evite a dupla vitimización.

Actuacións sectoriais

Economía

O concello será proactivo desde as áreas de traballo e economía para favorecer a inserción laboral das mulleres, elaborando planos de formación e capacitación de mulleres, apoiando ás mulleres emprendedoras e a constitución de cooperativas de mulleres.

Ensino

- Fomentaranse iniciativas, campañas, etc, de coeducación para o ensino e fomentaranse a educación non sexista.
- Estabeleceranse axudas á conciliación naquelas accións formativas para persoas adultas que realice o concello que eviten eliminar a persoas con cargas familiares (canguros, atención a domicilio de dependentes...).
- Promoveranse obradoiros de 'bos tratos' e de 'corresponsabilidade doméstica' como actividades extraescolares en colaboración con ANPAS e Centros escolares.

Deporte

- Fomentaranse as escolas infantís de deporte velando pola superación da discriminación das mulleres. Neste sentido, en todas as subvencións que outorgue o concello, este velará porque non se incorra en ningunha forma de sexismo.
- Incentivarase a práctica do deporte nas mulleres de todas as idades, apoiando o deporte feminino e procurando evitar calquera tipo de discriminación e procurando que existan espazos e horarios axeitados para esta práctica.

Cultura

- Fomentaranse aquelas actividades en que as mulleres sexan suxeitas activas, creadoras de cultura.
- O goberno municipal do BNG garantirá a visibilización das mulleres de Ribeira propiciando investigacións e estudos sobre as mulleres do municipio ao longo da historia, como recoñecemento do valor do traballo feminino, adoptando medidas

divulgativas e promovendo a presenza das mulleres nos espazos públicos: nomes de rúas, prazas, instalacións públicas,...

Saúde

- Promoveranse programas de saúde elaborados e desenvolvidos desde a perspectiva de xénero, en colaboración cos centros de saúde do concello.

6. MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE

O goberno do BNG baseará a súa política medioambiental en dous principios básicos: a preservación e protección do contorno e a súa posta en valor como motor do desenvolvemento local tanto no ámbito urbano como no rural.

O marco de actuación: a Axenda 21 Local

O BNG impulsará a implantación da Axenda 21 Local, que recolla os obxectivos xerais deste programa -o desenvolvemento sustentábel e a participación cidadá-a través dos seus instrumentos -a auditoría ambiental e o plano de acción local-. A Axenda 21, a concellaría de medio ambiente e as accións transversais serán o marco en que se desenvolverán as nosas accións políticas.

Actuacións sectoriais

Abastecemento da auga

O goberno do BNG promoverá a elaboración dun plano da auga, que se guiará polos seguintes obxectivos:

- a) Diseñar e executar redes de abastecemento que xeneralicen a subministración regulada a poboacións.
- b) Garantir a saúde pública con tratamentos acidos que aseguren a potabilidade e calidade da auga.
- c) Promover o aforro da auga, tanto nos fogares como nas instalacións públicas mediante campañas de sensibilización.
- d) A minimización do impacto da **Lei de Augas de Galiza** sobre as economías familiares do ámbito do nosos concello. O Goberno do BNG pedirá á Xunta de Galiza a derogación ou supresión dos artigos da lei que gravan o uso dos pozos e traídas particulares. Mentres, promoverá a aplicacións dos Regulamentos no sentido máis favorable aos usuarios e usuarias.

Tratamento dos Residuos

- a) Aumento do número de contedores de recollida de papel e vidro en todas as parroquias de Ribeira e colocación de bidóns de recollida de pilas.
- b) O Concello, a través do Punto Limpo, promoverá a recollida de aceites usados de uso alimenticio, poñendo especial atención ao sector de restauración e hostalería.

- c) Completarase a recollida selectiva de residuos.
- d) Utilización do punto limpo para recollida de cascallos da construción, primando a súa reciclaxe.
- e) Programa Municipal de **compostaxe e horta ecolóxica**.

Residuos Sólidos Urbanos (RSU)

- a) Promoveranse proxectos de ámbito municipal ou comarcal, que teñan como obxectivo a redución, a reutilización e a reciclaxe ademais da compostaxe e autocompostaxe, pondo en marcha medidas para incentivar a redución na xeración dos RSU.
- b) Potenciarase a recollida selectiva mediante a separación da materia orgánica, promovendo a súa compostaxe, e doutros compoñentes de lixo, promovendo a súa reutilización e reciclaxe. Apoiarase a creación de industrias de reciclaxe.
- c) Faranse campañas de sensibilización social para potenciar a redución, a reutilización e a reciclaxe así como a utilización de materiais reciclados.
- d) Aplicaranse medidas de control e disciplina para evitar vertedoiros incontrolados.

Tratamento dos residuos líquidos

É obxectivo do BNG **rematar o saneamento integral do noso concello**, o que implicará a posta en marcha das seguintes medidas:

- a) Deseño e execución de redes de sumidoiros, con separación de pluviais e fecais.
- b) Creación de infraestruturas para o tratamento das augas residuais: EDAR velando polo seu menor impacto ambiental posíbel e cas medidas acordadas unanimemente no Pleno Municipal.
- c) Sempre que sexa viábel, abordaranse tratamentos que tendan á reutilización da auga para usos produtivos.

Enerxía

- **Abastecemento:** velarase porque as empresas fornecedoras do servizo cumpran coas súas obrigas e garantan a subministración a toda a poboación.

- **Control do impacto:** regularanse e, no seu caso, xestionaranse medidas de supresión ou minoración dos impactos paisaxísticos e dos riscos para a saúde: trazados de

liñas de alta tensión, localización dos centros de distribución, **soterrado das liñas de media tensión** en núcleos de poboación e de baixa tensión.

- Aforro e enerxías limpas e renovábeis:

- a) Promoveranse **programas de aforro enerxético** con planos de mellora da iluminación pública municipal.
- b) Estabeleceranse convenios coa Consellaría de Industria para instalacións térmicas e fotovoltaicas nos edificios públicos municipais e para a creación dun servizo de transporte por medio do **alugueiro de bicicletas...**
- c) Elaboración da **Ordenanza Solar**. Fomentaranse entre a poboación, sempre que sexa posíbel, as enerxías limpas e alternativas facilitando asesoramento técnico, xestión de subvencións, etc...
- d) Cooperarase co goberno galego e as empresas na ampliación da rede de distribución do gas natural.

Mellora do medio ambiente urbano

- a) Facilitar a mobilidade peonil, ampliando os seus espazos de uso, fronte á motorizada.
- b) Eliminar as barreiras arquitectónicas e sensoriais.
- c) Potenciar o transporte colectivo e o uso da bicicleta mediante o deseño de redes e outras medidas de promoción.
- d) Incrementar, protexer e coidar espazos de uso público que sirvan como lugares de convivencia e lecer (prazas, parques, xardíns, zonas peonís...).
- e) Elaborar planos para a rexeneración integral de zonas urbanas e periurbanas singularmente degradadas.
- f) Diseñar planos de mellora das infraestruturas e do medio nas parroquias máis afectadas polo medre da “urbanización”, favorecer a recuperación dos núcleos de poboación tradicionais e ordenar acoidamente os novos núcleos.

Contaminación ambiental

Ademais do exercicio efectivo das competencias municipais incluídas na lexislación en materia de protección medioambiental, o goberno do BNG impulsará actuacións de planificación urbanística e ordenación territorial encamiñadas a evitar ou eliminar situacións de contaminación ambiental (atmosférica, vertidos, acústica, electromag-

nética, lumínica,...): planos de usos permitidos, incentivos para a relocalización de actividades industriais en espazos reservados para estas actividades, racionalización do transporte... Desenvolveranse campañas de sensibilización sobre o cambio climático e as medidas individuais e colectivas para adoptar.

- Asesoramento e colaboración coas empresas e industrias para o cumprimento da actual normativa de rúidos.

Incendios forestais

O goberno municipal do BNG porá en marcha, coordinadamente coa Xunta de Galicia, medidas en materia de prevención e extinción de lumes forestais. Adoptaranse as seguintes medidas:

- a) Cooperación co Goberno Galego no establecemento de “faixas de protección” dos núcleos de poboación. A difusión entre a poboación da Lei de prevención de incendios forestais e demais normativa de desenvolvemento.
- b) Colaboración e apoio ás iniciativas das CMVMC dirixidas á ordenación do monte e á prevención dos lumes forestais.
- c) Cooperación con todos os axentes sociais e institucionais implicados na loita contra o lume nos labores de vixilancia do monte (potenciación do voluntariado, policía local,...)

Espazos naturais

- a) Inventariado do patrimonio medioambiental.
- b) Elaboración e execución dun Plan de protección do patrimonio medioambiental que incluíra medidas para a súa preservación e vixilancia e de restauración e posta en valor ambiental, social e económico.
- c) Fomentar a participación activa dos usuarios na planificación, xestión e usos do Parque Dunar de Corrubedo, en colaboración coa Xunta e buscando o óptimo nivel de consenso social na súa xestión, que se logrará con tres instrumentos básicos: información, estratexias de compensación (social e económica) e mediación para afrontar os conflitos. Participación activa na elaboración do PORN e do PRUX.
- d) Recuperación ambiental de espazos degradados: ribeiras, ríos, brañas e canteiras, portos, praias...
- e) O Goberno Municipal do BNG velará activamente na elaboración das diferentes normativas que afectan ao ámbito do Concello de Ribeira, nomeadamente

o **Plan de Ordenación do Litoral (POL)** e o **Plan Director da Rede Natura de Galiza** para que respecten as actuais competencias municipais en materia de usos recolleitas no Plan Xeral de Ordenación Urbana Municipal (PXOUM).

Animais abandonados

- a) Campañas de sensibilización para evitar o abandono de animais.
- b) Impulsaranse medidas coordinadas entre os concellos e outras administracións para establecer un servizo de recollida e crear instalacións para a súa garda e mantemento.

Educación ambiental

Deseñaranse actuacións en materia de educación ambiental en función das posibilidades do concello e, no seu caso, en cooperación coa Xunta de Galiza: campañas de sensibilización e educación ambiental, aulas da natureza, centros de interpretación,...

7. PARROQUIAS

Para o BNG as parroquias son entidades vivas e como tales merecen o seu recoñecemento. O BNG asume as carencias e necesidades básicas que teñen todas as parroquias do Concello de Ribeira, entendendo estas como entidades vertebradoras esenciais do Concello.

As parroquias rurais deben, ademais de contar coas mesmas oportunidades en canto a comunicacións e servizos, poder participar directamente na vida municipal sobre todo no que atinxe á posta en valor e promoción do seu propio patrimonio sexa cultural, natural, etc. Os Concellos contan cunha importante fonte de financiamento a través dos Planos Europeos que un Goberno do BNG vai aproveitar ao máximo. Xa que logo promoveremos:

- **Abordarase o Saneamento** integral de todas as parroquias do Concello e rede de auga potable.
- Mantemento regular do asfaltado, beirarrúas, parques infantís, zonas verdes, ...
- A constitución e posta en marcha dos **Consellos Parroquiais**.
- Achegar a información municipal actualizada a cada parroquia creando **paneis informativos**.
- Facilitar a xestión de documentos, certificados, etc..., referente á administración municipal nas propias parroquias de xeito telemático.
- Dotación de recursos e creación, naquelas parroquias onde fose preciso, de casas de cultura, centros polivalentes, servizo de biblioteca e polideportivos cubertos.
- Dotar a todas as parroquias dun **transporte público** adecuado que as comunique entre si cunha frecuencia axeitada. Habilitar as paradas de autobús como lugares cómodos e seguros para os viaxeiros e o tráfico.
- Mellorar os servizos municipais, especialmente o da recollida de lixo e a limpeza periódica de camiños.
- Paseos marítimos e sendeiros rústicos, respectando o medio natural.
- Colaboración coas Comunidades Veciñais de Montes en Man Común para a xestión dos montes.
- Desenvolvemento de accións dirixidas ao aproveitamento de recursos dos nosos montes, en especial colaboración coas Comunidades Veciñais de Montes en Man Común, para xerar emprego.
- Fomento de cooperativas do agro, de empresas innovadoras no sector agro-forestal, agricultura ecolóxica, denominacións de orixe, etc...

8. EDUCACIÓN

O goberno municipal do BNG velará e cooperará para que a planificación e ordenación educativa deseñada e executada pola Xunta de Galiza garanta a prestación dese servizo público cos mesmos parámetros de calidade en todo o territorio.

Dende o concello demandaremos á Administración Galega o correcto mantemento do Sistema educativo incluíndo servizos complementares. Neste sentido estarase ao establecido no Pacto Local.

Rede de centros educativos non universitarios

O concello colaborará estreitamente coa Xunta na mellora do ensino público no termo municipal, optimizando os recursos públicos.

Nas etapas educativas de ensino obrigatorio e segundo ciclo de educación infantil, o BNG defenderá desde os concellos unha rede de centros axeitada ás condicións xeográficas e demográficas de Galiza, con centros educativos situados a nivel municipal ou comarcal, o máis preto posíbel do lugar de residencia do alumnado, material e humanamente dotados para garantir un ensino público igualitario e de calidade.

No ensino postobrigatorio (Bacharelato e Formación Profesional) o BNG defenderá desde o concello unha rede de centros comarcal que garanta a implantación dunha oferta educativa completa.

Nese senso demandarase para Ribeira:

- Un Centro Integrado de Formación Profesional.
- Xestionar a implantación do Bacharelato da modalidade de Arte.
- A implantación de ciclos formativos adaptados á nosa realidade socioeconómica, nas familias profesionais de Hostalaría, Turismo e Actividades Pesqueiras como: Operacións de Cultivo Acuícola, Mergullo a Media Profundidade, Servizos de Restauración e Bar, Información e comercialización turística...
- A implantación de ensinanzas de réxime especial como as de Técnico e Técnico superior en vela con aparello fixo e móbil.

Mantemento dos centros educativos e cesión de terreos

O goberno municipal do BNG traballará para facer efectiva a previsión recollida no Pacto Local de asunción por parte da Xunta de Galiza dos custos que soporta

o concello derivados do mantemento dos centros de ensino primario. Así mesmo, o goberno municipal do BNG colaborará coa cesión do terreos para equipamentos escolares.

Do mesmo xeito:

- Dotarase de teléfonos e conexión de banda ampla en todas as escolas públicas do Concello.
- Manteranse os centros de educación infantil e primaria, revisando periodicamente as instalacións para a súa conservación: pintura, sumidoiros, acondicionamento de xardíns e patios, etc.
- Mellorarase o servizo de limpeza.
- Xestionaremos a construción de patios cubertos nos colexios públicos.

Servizos complementares

O goberno municipal do BNG colaborará e participará coa Xunta de Galiza na planificación, deseño e xestión dos servizos complementares, nomeadamente o comedor e transporte escolar, reclamando neste último caso da administración galega a xeneralización do transporte para o alumnado ou fórmulas alternativas que permitan optar aos diferentes ciclos de Formación Profesional sen discriminación por lugar de residencia. En todo caso, o BNG contribuirá desde o concello á extensión das axudas ao transporte escolar da educación postobligatoria e universitaria.

Actividades complementares extraescolares e aproveitamento das instalacións dos centros educativos

O goberno do BNG prestará apoio e colaboración ó Goberno Galego para garantir a oferta en todos os centros de actividades extraescolares gratuítas, facilitando o uso das instalacións deportivas e culturais municipais.

A maiores, o concello promoverá programas municipais de educación dirixidos aos escolares: coñecemento do patrimonio natural, histórico, etnográfico ou artístico do concello, funcionamento de servizos,... convertendo o concello nun espazo educador.

Os centros públicos serán utilizados fóra do horario lectivo para cumprir un obxectivo social máis amplo: actividades culturais, deportivas, educativas, sociais, aproveitamento das bibliotecas escolares,...

Ensino universitario

O BNG contribuirá desde o Concello á extensión das axudas ao transporte escolar da educación post-obrigatoria e universitaria.

Xestionarase coas Universidades galegas a celebración de cursos de verán na nosa localidade, así como a sinatura de convenios para a realización de estudos e informes que atinxan á nosa localidade.

O Consello Escolar Municipal

O goberno municipal do BNG constituirá o **Consello Escolar Municipal**, no que participarán e serán consultados os diferentes axentes que interveñen no ensino no ámbito do Concello, estudarán a súa problemática e orientarán as actuacións prioritarias a desenvolver. Promover do mesmo xeito a formación dun Consello Escolar Comarcal.

Outras medidas

- **Bolsas:** desde o concello articularase un programa de bolsas destinado a sufragar os estudos daqueles/as estudantes procedentes de familias de rendas máis baixas.
- **Iniciación profesional:** promoverase, en colaboración coa administración educativa, o desenvolvemento de programas de iniciación profesional dentro do ámbito do concello.
- **Formación de adultos/as:** tentarase ampliar a rede actual de centros dedicados á formación de persoas adultas, con especial atención a adultos inmigrantes para a súa integración no noso concello.
- **Alfabetización:** o concello colaborará con outras administracións na posta en marcha de programas de alfabetización e formación básica.
- **Escolas de idiomas:** pularase pola ampliación da escola oficial de idiomas e diversificación da oferta.
- **Medidas de conciliación:** no marco das medidas para a conciliación da vida laboral e familiar, o concello cooperarán coa administración galega na apertura anticipada dos centros e na ampliación de horarios polas tardes.
- **Relacións coas ANPAS:** o concello establecerá relacións estâbeis coas ANPAS para poñer en marcha iniciativas formativas e que fomenten a participación de pais e nais no ensino.
- **Galeguización do ensino:** promoveranse campañas e apoiaranse as medidas que incidan na galeguización do ensino.

9. LINGUA E CULTURA

■ A normalización da lingua

A política de normalización da lingua galega no ámbito local que desenvolve o BNG guíase polos seguintes **criterios**:

- 1.-Obxectivo preferente.
- 2.-Carácter transversal.
- 3.-Cumprimento da legalidade vixente.
- 4.-Normalización no ámbito da administración local.
- 5.-Normalización no ámbito social do concello.

O BNG defenderá unha acción política que considere a normalización lingüística como unha cuestión estratéxica, a través das seguintes **liñas de actuación**:

Medidas estruturais:

- a) Consolidación do servizo de normalización lingüística, dotado de medios materiais e humanos.
- b) Aplicación, seguimento e avaliación da ordenanza municipal ou regulamento de uso da lingua.
- c) Aprobación dun plano de normalización da lingua para aplicación no ámbito da administración local e no ámbito social.

Liñas de actuación interna do plano de normalización:

- a) Cumprimento da lexislación vixente sobre o uso do galego como lingua oficial de Galiza e normalización plena da documentación administrativa, dos servizos municipais, parque móbil, rúas, prazas, topónimos, editos, bandos, anuncios, programas de festas,...
- b) Valoración adecuada, obrigatoria e de carácter eliminatorio do coñecemento escrito e oral da lingua galega nas oposicións, concursos-oposición e demais probas que se realicen na administración local.
- c) Promoción do uso da nosa lingua e da mellora da súa calidade, de forma oral e escrita, por parte de todo o persoal ao servizo dos concellos, con atención á súa formación e reciclaxe.
- d) Xeneralización do uso do galego na información, programas e publicidade das emisoras e das televisións locais.

- e) Impulso da utilización da lingua galega por parte de todos os cargos institucionais e en todos os planos da vida municipal.

Liñas de actuación social do plano de normalización:

- a) Creación dunha comisión municipal da lingua, onde participen os colectivos sociais interesados no deseño e na aplicación da política lingüística municipal.
- b) Elaboración dun plano de accións de intervención social para a galeguización dirixidas á cidadanía e campañas específicas favorecedoras do uso do noso idioma dirixidas a sectores sociais e económicos, promovendo o seu uso escrito e publicitario, e ao conxunto da poboación, especialmente á infancia e á mocidade, acompañadas de incentivos como subvencións, información, asesoramento,...
- c) Creación de certames (literarios, audiovisuais, fotográficos, etc.) para a promoción da lingua galega.

■ A cultura

Os principios que inspirarán a política municipal do BNG no ámbito da cultura serán:

- 1.-A nosa realidade cultural, sinal de identidade como pobo e eixo central da vertebración do país desde os concellos.
- 2.-Posta en valor das diferentes manifestacións culturais.
- 3.-Promoción das producións culturais e do noso potencial creativo.
- 4.-Dotar de rendibilidade social ao traballo cultural.
- 5.-Acción sociocultural desde a base.
- 6.-Oferta cultural ampla e con vocación maioritaria.
- 7.-Participación activa dos e das cidadás.

A Programación Cultural

Criterios: a programación cultural seguirá os seguintes criterios: programación galega e universal, popular, na rúa, participativa, cultura de base formativa, non discriminatória co rural, integradora (inmigración, etnias), e coordinada e transversal con áreas como Ensino, Mocidade, Deportes, Turismo e Medio ambiente.

Contidos estables: de acordo cos criterios enumerados anteriormente a Concellaría de Cultura deseñará unha programación cultural estable ao longo do ano e que integrará programacións específicas en relación co patrimonio inmaterial galego portugués (e en particular o ciclo do maio, as fogueiras de San Xoán, os magostos, a muiñada, etc...), a música clásica galega, o coñecemento do noso patrimonio histórico-cultural, as festas patronais, o verán, o Nadal, o entroido, o Día das Letras Galegas e as celebracións tradicionais (Romaría de San Alverte, San Roque, ...).

Programa Cultural no Rural: deseñarase un Programa Cultural dirixido ao conxunto das parroquias. O programa implicará a contratación das actuacións de toda clase de colectivos e grupos culturais existentes na localidade poñendo a disposición das organizacións sociais de cada parroquia e, especialmente, dos seus centros culturais ditas actuacións para o desenvolvemento dunha programación cultural en todas as parroquias. Inclúirase ademais dentro da programación cultural das parroquias as manifestacións culturais, etnográficas, etc... da propia parroquia que contarán co apoio do concello.

■ As liñas de actuación que se van desenvolver serán:

Asociacionismo cultural

Fomentar o asociacionismo cultural e a súa participación a través do Consello Municipal de Cultura: na xestión das infraestruturas existentes, na programación cultural, na coordinación das actividades das distintas entidades culturais, no intercambio de experiencias culturais con asociacións galegas ou doutros países...

Infraestruturas

- Impulsaremos a construción dun **Centro Multiusos**, no que se poderán organizar grandes eventos: feiras, concertos, ...
- Dotar de Casas de Cultura ou centros polivalentes en todas as parroquias coa súa programación anual.
- Pór en marcha a **Casa da Mocidade onde as asociacións e colectivos se impliquen na súa programación e funcionamento.**
- Acondicionaranse locais de ensaio para grupos musicais, con equipos de gravación de maquetas.
- A creación dun servizo de **Ludoteca Municipal.**

- Apertura dunha segunda **Biblioteca pública en Ribeira** con zonas habilitadas para o estudo, arquivo, hemeroteca, videoteca e fonoteca.
- Creación do Museo do Mar.
- Crear unha rede de centros e/ou museos etnográficos activos que reconstrúan o noso patrimonio.
- Xestionar a posta en marcha dunha **radio** e dunha **TV municipal**.

Dinamización cultural

■ Cultura popular:

- Recuperación, estudo, posta en valor e difusión de todas as manifestacións da cultura popular (artesanía, folclore, música...), promovendo a creación de seminarios de estudos municipais ou comarcais, a realización de traballos de investigación, e a organización de mostras, circuitos intermunicipais, proxectos culturais supramunicipais, festivais...
- Estabelecemento de **convenios de colaboración** con outras institucións ou entidades para utilizar as súas infraestruturas con fins culturais abertos ao conxunto da sociedade.
- Promover as festas tradicionais. Apoiarase dun xeito especial a Festa da Dorna. O 24 de Xullo, Día da Dorna, será festivo local en Ribeira.

■ Música e danza:

- Impulsaremos desde o concello as escolas municipais de ensino artístico.
- Promoción dos grupos locais de música.
- Creación do conservatorio de música folk de Ribeira.
- Posta en marcha da banda municipal de música.

■ Teatro:

- Impulso ao teatro afeccionado, a Escola Municipal de Teatro e readaptación de espazos municipais para o teatro.
- Fomento da realización de mostras e circuitos teatrais.

■ Audiovisual:

- Fomento e divulgación da cultura audiovisual, especialmente o cinema galego e a produción audiovisual galega.

■ **Libro:**

- Integración das bibliotecas públicas integradas na Rede de Bibliotecas Municipais de Galiza, que inclúan tamén as parroquias.
- Apoio ao libro galego e ás publicacións periódicas en lingua galega, de acordo coa Lei do libro e a lectura.
- Creación de certames literarios que promovan a nosa cultura.

Patrimonio cultural

– **Catalogación, inventario, estudo e coñecemento:**

- a) Do patrimonio histórico-artístico, arqueolóxico e eco-xeográfico.
- b) Do patrimonio etnográfico para a recuperación de festas populares, oficios e técnicas de interese cultural.
- c) Da tradición oral para restaurar a memoria histórica da tradición de lendas, contos,...
- d) Da historia xornalística a través da creación dunha hemeroteca.

Bens de interese cultural:

- Actualizar o inventario de bens patrimoniais, arquitectónicos e culturais: cruceiros, casas reitorais, muíños, lavadoiros, petos de ánimas, ...).
- Elaboración dun plano de recuperación, conservación e posta en valor.
- Recuperación e humanización de zona vella a través dunha Area de Rehabilitación Integral (ARI). Para lograr este obxectivo deseñaranse políticas conxuntas, coa Xunta de Galiza.
- Promover a declaración de bens de interese cultural, de bens móbeis, inmóbeis e inmateriais de interese artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnográfico, científico ou técnico.
- Sinatura de convenios con particulares que teñan bens de interese histórico, artístico e/ou cultural para fomentar o seu uso público, total ou parcial.

Memoria histórica

Levaranse a cabo as seguintes actuacións:

- Recoñecemento e homenaxe de todas as vítimas da represión.
- Eliminación do rúeiro dos nomes vinculados ao levantamento militar e ao franquismo.
- Fomento da investigación da historia local, para impulsar o coñecemento da verdade histórica.
- Recoñecemento das corporacións democráticas.

10. DEPORTE

Desde moi diversas perspectivas a posibilidade de desenvolver a actividade físico-deportiva representa unha demanda social que para moitos cidadáns e cidadás constitúe un indicador de calidade de vida.

As **liñas de acción** política do goberno local do BNG para este ámbito estarán orientadas a:

- Garantir a posibilidade de acceso á actividade físico-deportiva para todos os cidadáns e cidadás que o demandaren, sen discriminacións por razón xeográfica, de sexo, de idade,... e coa adecuada supervisión técnica.
- Promocionar, completar e coordinar o tecido asociativo deportivo.
- Prestar unha especial atención ao deporte escolar e de base optimizando as infraestruturas existentes.
- Considerar o deporte de competición no sentido amplo e non só dos deportes masivos e enténdelo como un estímulo e complemento da práctica da actividade físico-deportiva.

Serán **núcleos vertebradores** destas liñas de acción política: a escola, os clubs de base, o deporte federado, o deporte recreativo e os eventos deportivos.

1.- A escola

O BNG articulará unha política que considera a escola como primeiro núcleo, básico, para achegar os nenos e as nenas á actividade físico-deportiva. Con tal finalidade, propiciaremos:

- Campañas de animación ao deporte nas escolas.
- Xornadas de práctica deportiva para tomar contacto cos distintos deportes.
- Competicións deportivas entre os distintos centros de ensino secundario.

2.- Clubs de base

- Na política de axudas primarase o modelo educativo-deportivo (diversificación deportiva, normalización lingüística, superación da discriminación de sexo,) e o traballo máis que os resultados.
- Demandarase das administracións supramunicipais o apoio necesario a estes clubs.

- Facilitarase a utilización das instalacións deportivas municipais e o asesoramento necesario para a formación de monitores/as, persoal directivo, árbitros/as...
- Potenciaranse asociacións de clubs de base, de ámbito municipal ou comarcal.
- Fomentaranse as Escolas Deportivas municipais, coorganizadas cos clubs ou asociacións deportivas.

3.- Deporte federado

- Solicitarase das administracións supramunicipais, en colaboración directa coas respectivas federacións, a adecuada dotación e mantemento das infraestruturas deportivas de propiedade municipal utilizadas polo deporte federado non de elite.
- Estableceranse convenios de colaboración cos clubs federados orientados á dinamización social e á implicación dos clubs na vida municipal.
- Asinaranse convenios cos clubs de elite para a promoción do deporte entre a poboación escolar, por medio de visitas a centros educativos, charlas, xornadas,...., ou para facilitar o acceso ás competicións deportivas.
- Apoiaremos a creación da Federación Galega de Vela Autóctona.

4.- Deporte recreativo

- Promoverase o deporte recreativo, como factor de lecer, para mellorar o estado físico... organizando competicións de carácter popular ou xornadas de deporte na rúa.
- Elaboraranse diversas actividades no medio natural: programas de camiñada, circuitos populares, roteiros, etc.
- Potenciarase o achegamento dos/as cidadáns/as ás instalacións deportivas e aos eventos deportivos cunha política de prezos axeitada.
- Impulsaranse campañas de sensibilización sobre os aspectos positivos da práctica do deporte.
- Potenciaranse os deportes autóctonos e os xogos populares.
- Porase en marcha un Programa de fomento do deporte para persoas maiores.
- Potenciar os deportes náuticos, con especial atención ás embarcacións tradicionais.
- Creación da Escola Municipal de Vela.

5.- Infraestruturas deportivas

- Colaborarase coa Xunta de Galiza na elaboración dun mapa de infraestruturas deportivas a nivel galego, considerando o concello como marco da diversificación deportiva.
- Realizarase un censo das instalacións deportivas públicas municipais para optimizar o seu uso.
- Habilitar e facer accesíbeis espazos naturais, rurais e urbanos, respectuosos co medio ambiente, para a práctica de actividades integradas no medio.
- Impulsarase a optimización das infraestruturas dos centros educativos para a súa utilización fora do horario lectivo, en colaboración coa administración educativa e co tecido asociativo deportivo, desenvolvendo o convenio asinado coa FEGAMP.
- Acondicionamento e mellora das instalacións deportivas do concello: pistas polideportivas, pavillóns, etc.
- Daremos solución aos campos de fútbol de Artes e Olveira promovendo o seu adecentamento nas actuais ubicacións ou o seu traslado en colaboración coas administracións.

6.- Eventos deportivos

- Promoverase e facilitarase a asistencia aos partidos da selección nacional nos deportes en que xa foi creada.
- Ofertaranse aqueles eventos relacionados cos deportes autóctonos, cos de maior tradición na comarca ou concello ou cos de importancia significativa polo número de practicantes (traíñas, dornas a vela...).
- Promoveranse políticas de intercambio deportivo cos concellos do Norte de Portugal, por medio de convenios de colaboración.

7.- Participación social no deporte

Ademais da creación do correspondente **Consello Municipal de Deportes**, avaliarase a oportunidade de constituír fundacións ou padroados en colaboración coa empresa privada co fin de obter recursos para financiar o deporte en xeral.

II. MOCIDADE

O sector da mocidade é un dos máis numerosos e activos dentro da sociedade de Ribeira. A pesares diso é un dos máis desatendido polo goberno municipal precedente. As políticas do BNG no goberno do Concello perseguirán, por un lado, dar unha resposta estrutural a programas específicos deste colectivo, coma o emprego, a vivenda, a educación, a saúde e o lecer; e por outro lado favorecer a súa plena emancipación a todos os niveis, sexa no ámbito social, económico, cultural ou político. Dende o BNG entendemos que investir na xuventude é investir en presente e en futuro.

A política en materia de mocidade no goberno municipal do BNG guiarase polos seguintes criterios:

- A participación da mocidade no deseño das políticas que lle afecten.
- O potenciamento da súa autoorganización.
- Unha concepción integral da política xuvenil, que abranga todas as áreas sectoriais con incidencia na mocidade.

Potenciarase a autoorganización da mocidade, asesorando e impulsando a constitución de asociacións xuvenís, de tal xeito que a creación de tecido asociativo xuvenil permita a constitución dun **Consello Municipal da Mocidade**, como órgano de interlocución e participación entre a xuventude organizada e o propio concello.

Para fomentar a autoorganización da mocidade, implementaranse entre outras as seguintes medidas:

1. Asesoramento e información desde o CIX sobre trámites para a constitución de asociacións xuvenís.
2. Campañas de animación mediante a contratación de persoal especializado en animación sociocultural.
3. Establecemento de liñas de axudas específicas de apoio ao asociacionismo xuvenil, tanto a través de convocatorias de subvencións para actividades e material, como a través da cesión e préstamos de medios materiais desde o propio concello.
4. Campañas de formación dirixidas á xuventude para dotar ás asociacións xuvenís de monitores de tempo libre, animadores socioculturais, etc...

A **concellaría de mocidade** deberá impulsar un **plan integral da mocidade** que, desde unha óptica transversal e mediante o diálogo co asociacionismo xuvenil, estableza diagnoses e medidas de actuación nos diferentes ámbitos sectoriais.

I.- Equipamentos municipais

- Dinamización da **Casa da Mocidade**, centro que servirá de soporte físico para as actividades e iniciativas da mocidade. Esta casa da Mocidade estará a disposición da cidadanía e funcionará de tal xeito que se poidan desenvolver actividades, organizadas polas asociacións, fóra do horario laboral.
- Creación de locais de ensaio para os grupos musicais constituídos pola mocidade residente en Ribeira, que contará con estudo de gravación, no marco da “Rede Galega de Locais de Ensaio”.
- Dotación de locais culturais en tódalas parroquias para uso e disfrute de rapaces e rapazas.
- Daranse facilidades de horarios e utilización de centros dependentes doutros servizos municipais: bibliotecas, instalacións deportivas, ...

2.- Actuacións sectoriais

A. Emprego

- **Diagnose:** elaboración dun estudo sobre a situación laboral da mocidade no ámbito municipal.
- **Información:** a través das Oficinas de Información Xuvenil, e en colaboración co Servizo Galego de Colocación e coa Axencia de Desenvolvemento Local, facilitar información e orientación en materia de emprego para a mocidade, e especificamente para mozos e mozas emigrados: bolsas de emprego, apoio e promoción do autoemprego, cooperativismo,...
- **Medidas activas:** organización de cursos de formación profesional, convenios coas universidades para a realización de prácticas e outras actividades relacionadas co fin de carreira en empresas locais e comarcais, apoio e tramitación de iniciativas empresariais e proxectos que xeren emprego xuvenil.

B. Cultura e lecer

- Elaborar un Plan de Actividades Culturais anual, con participación das asociacións xuvenís e dotado de medios técnicos e orzamentarios precisos para o seu desenvolvemento, que permita a **diversificación das actividades de lecer:** coñecemento do patrimonio eco-xeográfico e histórico-artístico do país, achegamento das diferentes expresións artísticas e culturais á mocidade,...
- Elaboración dun Plan de Ocio e Tempo de Lecer que conleve a posta en marcha de actividades nocturnas no fin de semana coa creación de actividades alternativas

(deportivas, culturais, lúdicas, etc.) que permitan diversificar o ocio en xeral e o nocturno en particular.

- Creación dunha Factoría xuvenil que permita e potencia as inquietudes artísticas (escritura, música, artes plásticas, novas tecnoloxías,) da mocidade de Ribeira e posta en marcha de canles que faciliten o intercambio de ideas e experiencias e a difusión das diferentes creacións xuvenís.
- Promover **solucións dialogadas** entre os sectores afectados diante de fenómenos como o “botellón” e demais problemas relacionados co ocio xuvenil, evitando a súa criminalización e valorando a posibilidade de habilitar recintos para a realización destas actividades.
- Levar a cabo un Programa Municipal de Voluntariado entre as diferentes asociacións xuvenís do Concello en colaboración coa Xunta de Galiza.

C. Ensino

- Potenciar unha maior interrelación entre a escola e a sociedade, incidindo no protagonismo que debe ter a mocidade.
- Potenciación da educación ambiental e concienciación do consumo racional.
- Convenios entre o concello, outras institucións e as empresas de transporte para establecer descontos progresivos para os mozos e as mozas estudantes e mellorar os servizos (Ensino postobrigatorio e universitario para os campus da Coruña, Santiago e Vigo).

D. Vivenda

- Cooperación coa Xunta de Galiza na promoción de vivendas de tipoloxía acada ás necesidades e demandas da mocidade e no seu acceso ás vivendas protexidas.
- A Oficina de Información Xuvenil facilitará información e asesoramento sobre acceso a vivendas de promoción pública ou protexidas, sobre as políticas doutras administracións de apoio á merca ou aluguer de vivendas e centralizará información sobre ofertas de venda e aluguer de vivendas en Ribeira.

E. Sanidade e sexualidade

- Apertura dun Centro de Educación afectivo-sexual, (Centro Quérote) servizo específico orientado ás necesidades que nese eido presentan os mozos e as mozas, impulsado pola Xunta de Galiza.
- Realización de campañas de prevención das enfermidades de transmisión sexual, contra a bulimia e anorexia,...

- Elaboración dun Plano municipal integral de prevención da drogadicción, tendo en conta:
 - Información sobre as consecuencias da drogadicción.
 - Políticas de actuación en ámbitos diversos (cultural, laboral, tempo libre...) coa finalidade de xerar un novo contexto que non favoreza o consumo de drogas.

F. Transporte

- Xeneralización do bono-bus, con especial atención aos estudantes e desempregados.
- Incremento de liñas e adecuación de horarios tras o estudo de necesidades e déficits, reforzo das liñas dos centros educativos...
- Posta en marcha dun **noitebús** que percorra todas as parroquias do noso concello e que conecte co noitebús comarcal.
- Promoción do transporte saudábel e nomeadamente da bicicleta, **creando carrís e aparcadoiros para este vehículo en puntos de interese xuvenil.**
- Impulso a medidas e campañas que fomenten a conducción sen alcohol.

G. Deportes

En coordinación coa concellaría de deportes, executaranse planos de actuación deportiva dirixidos á mocidade e que inclúan, especificamente, mecanismos que garantan e faciliten o acceso da mocidade ás instalacións deportivas do concello (prezos asequíbeis, horarios nocturnos, etc...).

H. Información

- Impulso á Oficina de Información Xuvenil, con horarios axeitados.
- Posta en marcha de novos métodos de información xuvenil: convenios cos centros educativos para facilitar información á mocidade, creación de puntos de atención fixos nos centros, uso das novas tecnoloxías, participación da mocidade nos medios de comunicación municipais...

12. SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E NOVAS TECNOLOXÍAS

Será obxectivo do goberno local do BNG dar un impulso decidido ás TIC, facilitando o coñecemento e o uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación e achegándoas a toda a cidadanía.

1.- Medidas para o impulso das novas tecnoloxías e sociedade da información

- Crearanse espazos públicos de acceso a internet (en bibliotecas, centros de ensino, centros culturais e nalgunha praza e parque público) vía inalámbrica (WIFI ou WIMAX) que permita conectar de balde, e fomentar o maior achegamento da cidadanía ás novas tecnoloxías.
- Impulsaranse campañas de divulgación, información e alfabetización no uso das TIC, así como a realización de cursos, tanto dirixidos á poboación en xeral como a colectivos específicos como mocidade, mulleres, desempregados, terceira idade, etc.
- Elaboración dun plan de impulso, formación e difusión do software libre na cidadanía e na administración do concello.
- Seguimento da extensión da banda larga de Internet (WIMAX) a todos os núcleos de poboación do concello, con especial atención aos rurais, facendo seguimento dos convenios coas operadoras.
- No caso de non ser posíbel a curto prazo garantir o acceso por cable a Internet de banda larga avaliarase a posibilidade de implantar a tecnoloxía *wi-fi* para garantir o acceso á rede por parte de toda a cidadanía.
- Aseguraremos a cobertura da Televisión Dixital Terrestre (TDT) no 100% do término municipal.
- Dinamización e fomento das actividades culturais relacionados coas novas tecnoloxías: bookcrossing, etc.

2.- Medios de comunicación municipais

Impulso á creación de medios de comunicación municipais ou mesmo de carácter comarcal. Ademais dos soportes clásicos (xornais, radio, TV, etc.) apostarase de xeito decidido polos novos formatos de difusión. Os medios de comunicación municipais vertebraranse con base no seu papel como axente normalizador da lingua e cultura do país e instrumento de participación social. Deberán cumprir sempre unha función social e de servizo á cidadanía, velando polos criterios de obxectividade e calidade no seu funcionamento.

3.- A administración na rede

Dotarase ao concello de servizos de administración electrónica de calidade, para fomentar unha relación máis fluída, rápida e transparente coa cidadanía, concretada nas seguintes medidas:

- Mellorarase os contidos e a accesibilidade da páxina web do Concello permitindo á cidadanía a obtención de información, formularios e documentación a través da rede. Terá unha actualización diaria onde se recollerá toda canta información xere o concello: educativa, cultural, xuvenil, urbanística, turística, etc. Neste portal ubicaranse servizos dixitais como radio e TV local transmitidas por internet. Tamén contará con recursos educativos para o estudantado do noso concello.
- Impulsarase na páxina web do concello o uso da sinatura electrónica nas relacións entre o concello e a veciñanza, o que permitirá realizar diferentes trámites administrativos desde o domicilio.
- O BNG impulsará desde os concellos proxectos de dixitalización de fondos documentais.
- Instalación de paneis informativos dixitais en todas as parroquias onde se informe á cidadanía da actualidade e actividades do concello.

13. SEGURIDADE CIDADÁ

O BNG desde o concello reforzará, no marco das súas competencias, a seguranza cidadá a través dos servizos de Policía Local, Protección Civil e Bombeiros. As liñas de actuación básicas serán as seguintes:

- 1.-Desenvolvemento de mecanismos de coordinación con outros corpos e forzas de seguranza.
- 2.-Políticas preventivas en materia de seguranza cidadá con accións transversais noutras áreas, nomeadamente benestar social.
- 3.-Potenciación do parque de bombeiros.
- 4.-Reforzamento de Protección Civil.

14. CONCELLO SOLIDARIO

O Concello de Ribeira integrarase no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, referente da cooperación e da solidariedade en Galiza. Habilitarase nos orzamentos municipais unha partida específica dedicada a cooperación e solidariedade e procurarase que esta partida represente o 0,7% do orzamento.

A maiores, faremos convocatorias para o fomento da sensibilización social en materia de acción humanitaria e fortalecemento das ONGD no ámbito local.

Impulsarase o feito de se irmandaren como fórmula efectiva de cooperación directa para o apoio de actividades en que o concello pode achegar a súa experiencia (abastecemento de auga, residuos, etc...) e promoverase a participación en proxectos de cooperación no seu sector das sociedades de propiedade municipal, naqueles concellos en que existiren.

Levaranse a cabo actividades de promoción e difusión do comercio xusto.

15. DEMOCRATIZACIÓN DA XESTIÓN MUNICIPAL E PARTICIPACIÓN CIDADÁ

1.- Valores éticos na política

O BNG é garantía de goberno municipal e cargos públicos comprometidos na súa acción política sempre co interese público e nunca co privado ou particular. No concello gobernado polo BNG desenvolveranse aquelas medidas incluídas na Lei de transparencia que sexa posíbel implementar no ámbito municipal (información pública sobre axudas e subvencións concedidas, convenios asinados, remuneracións públicas,...).

2.- Transparencia na xestión

O BNG garantirá no concello o trato igualitario para todas as persoas, recuperará a confianza entre as institucións e a cidadanía e abrirá vías de información cos axentes sociais e entidades representativas. Serán **liñas de actuación**:

- Crear e mellorar as canles de información aos veciños e veciñas e ás súas organizacións en que se informe dos servizos municipais, compromisos na prestación e dereitos dos/as usuarios/as.
- Elaboraranse cartas de servizo en que se informe dos servizos municipais, compromisos na prestación e dereitos dos/as usuarios/as.
- Simplifícaranse os procedementos facéndooos áxiles, aproveitando as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías para implementar a administración electrónica.
- Fomentárase a formación e capacitación continua do persoal.

3.- Participación cidadá

- O BNG institucionalizará no concello a participación cidadá mediante normas e órganos que faciliten esa participación, a través de entidades representativas, nos asuntos municipais.
- Os **obxectivos** son:
- Afortalar o movemento social organizado.
- Aumentar a consciencia e a corresponsabilidade da sociedade na toma de decisións.
- Facer transparente a xestión municipal.

- Os **instrumentos** de participación cidadá que o BNG porá en marcha e desenvolverá no Concello de Ribeira serán:
- **Rexistro Municipal de Asociacións**, para o recoñecemento e verificación da representatividade das entidades sociais que participan no ámbito do concello.
- **Regulamento Orgánico Municipal**, que desenvolverá e concretará as normas de funcionamento da Corporación Municipal afondando na democratización da institución e no reforzamento dos dereitos de participación e información dos representantes dos/ás cidadáns/ás.
- **Regulamento de Participación Cidadá que** recollerá os dereitos, organismos e mecanismos de acceso e participación cidadá na vida municipal, entre eles os **consellos territoriais**, de **parroquia** ou **barrio**, e os **consellos sectoriais**. Este Regulamento incluírá as fórmulas de participación dos cidadáns e cidadás nas sesións plenarias. Así mesmo, especificará os mecanismos para a participación da cidadanía na elaboración dos Orzamentos Municipais.
- O Goberno Municipal dará **información inmediata** á cidadanía dos asuntos tratados nas **Comisións de Goberno**.
- O Goberno do BNG establecerá mecanismos de relación fluídos e continuos ca poboación emigrante.
- Garantira transparencia e a equidade no acceso á función pública local e nas contratacións de persoal, de obras e servizos.
- Aplicará criterios obxectivos para a concesión de subvencións erradicando a discrecionalidade.

O goberno municipal do BNG potenciará o **asociacionismo**, apoiará as súas actividades integrándoas na programación municipal mediante convenios de colaboración.



www.domibrion.eu